



As Casas Grandes do Corgo

*Dúas Rutas de sendeirismo polas contornas do
Pazo do Corgo e da Casa Grande de Quintela*



EDITA

Asociación Cultural Arumes do Corgo
Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo

AUTOR

Mario Otero Iglesias

IMPRESIÓN E DISEÑO

Grafinco

DEPÓSITO LEGAL

LU 214-2009

O presente traballo creouse no verán de 2009 por iniciativa e baixo a coordinación da Asociación Cultural ARUMES do Corgo, co gallo da celebración das IV XORNADAS SOBRE PATRIMONIO. Contou coa colaboración económica da VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA da Deputación de Lugo.

CONTACTO

arumescorgo@gmail.com

■	Limiar	2
■	A casa rural galega	3
■	As casas grandes do Corgo	5
■	Ruta do Pazo do Corgo	8
■	Ruta da Casa Grande de Quintela	20
■	Bibliografía	32



Xa don Ramón Otero Pedrayo na enciclopédica e exhaustiva "Historia de Galiza" pronunciou unha frase que ben podería ser lema de campañas turísticas do concello, "Corgo como Chamoso é país de antigos pazos". Un concello, que coma a matria Galiza, está pintado co verde dos prados e das fragas, co azul dos ríos e lagoas e co marrón da pedra ben arrincada dos cernes da nosa terra. Carne pétrea de cruceiros protectores, material voador de pontes xunguidoras pero tamén estrutura morna das casas dos camareiros, dos labregos e dos fidalgos. Esculturas que no concello do Corgo teñen osos de pedra de gra e tamén de xisto.

Neste libriño contas con dúas rutas que che permitirán facerte unha pequena idea da densa riqueza monumental do Corgo. Dous sendeiros circulares aptos para todos os públicos; o primeiro, a "Ruta do Pazo do Corgo", con nove quilómetros (dúas horas de duración) discorre por unha superficie totalmente chá das parroquias do Corgo e de Chamoso (Sto. André) que oscila entre os 405 e os 455 m de altitude. O segundo, a "Ruta da Casa Grande de Quintela", con doce quilómetros e medio (tres horas de duración) precisa dunhas esixencias maiores ao circular polo val do río Miño (360 m) e as altas terras de Farnadeiros (520 m).



As recompilacións da arquitectura popular Galega publicadas clasifican as casas rurais segundo a zona xeográfica onde se emprazan. Deste xeito, vense estilos totalmente distintos nas casas das chairas lucenses, que nas montañas orientais de Galiza ou no litoral, xa que as necesidades e os materiais dos que dispuñan eran totalmente distintos. Neste apartado centrarémonos nas casas dos diferentes estamentos sociais do concello do Corgo, que se atopa enmarcado na zona da "Galiza das chairas e das depresións lucenses". Seguindo a clasificación feita por Isaac Rielo Carballo podemos atopar a casa do camareiro, a casa do labrego pequeno ou mediano, a casa grande e o pazo.

A casa do camareiro

É a casa de máis baixa consideración na escala social galega. Hábitaa unha persoa (se é home andarás ao xornal e se é muller probablemente realice labores relacionados co tecido) ou ao sumo dúas. Consta de pouco máis que unha cámara dedicada a cociña e como moito algún cuarto no mesmo andar.

A casa do labrego pequeno ou mediano

No libro "A Casa Grande de Quintela", Isaac Rielo describe ao labrego baixo ou medio como "o que posúe un par ou dous de vacas e unha ducia de roxelos de cabra ou de ovella. Dispón xeralmente dun prado de seco e doutro de rega, de varias cortiñas, duns cantos cerrallos e de leiros a unha e outra man". Aínda que os labores e polo tanto a facenda no medio rural galego cambiou abondo nos últimos cincuenta anos poderíamos describir esta casa como a típica casa terrea deitada sobre un desnivel do chan. Na parte de arriba a lareira e algún cortello; na parte de abaixo dous niveis, na inferior as cortes das vacas e na superior ou sobrado os cuartos da xente. Soe ser unha casa austera con poucas ventás (na parte inferior abundan os fachinelos ou bufardas) e con ausencia de cheminea ao deslizarse o fume entre as lousas da lareira. A cuberta de dúas, tres, ou normalmente, catro augas está feita con lousa do país. Os muros nas parroquias da marxe da estrada N VI e cara a Castroverde son de cachotería de pedra de gra, mentres que no resto do territorio son de cachotería de xisto. Na metade do século XX moitas destas casas terreas foron reformadas, dándolles máis altura para distinguir dous andares en toda a superficie pero seguindo a mesma estrutura de manter o gando debaixo para axudar a quecer a vivenda (xeneralízanse as chemineas ao haber xa máis distancia entre a cociña e o lousado e por substituírse as lareiras por "cociñas económicas"). Xa a finais de século sacáranse os animais para fóra da casa ben por aumentar as explotacións gandeiras, ben por haber un cambio na economía familiar. Como construcións auxiliares, unha palleira, algún alpendre e a casa do forno en torno a unha aira.

A CASA RURAL GALEGA

A casa grande

Subindo na escada social galega, atopamos a casa grande. Soe haber unha ou dúas por parroquia distinguíndose fundamentalmente da anterior tipoloxía pola magnitude, por ter dous andares ben diferenciados, por aparecer elementos ornamentais e por unhas construcións anexas distintas que non existen na casa dun labrego normal. Cunha superficie de terra grande (parte da cal estaba alugada) o "señor" enche en setembro "de gran as paneiras do celeiro ou de capóns cebados a espeteira da cociña como indica Isaac Rielo.



Casa Cardexo de Cerceda (con solaina, ponbal e hórreo)

Aparecen nestas casas as solainas e os balcóns, cornixas, marcos de portas e ventás, esquinais e chemineas ben traballados, pináculos e sinxelos escudos. Como construcións complementarias hai que destacar a capela, o hórreo, tipo cabaceiro na maior parte do concello pero manténdose algún hórreo "asturiano" en parroquias próximas a Castroverde (Fonteita e Folgosa), pombal e muíño. O recinto tende a estar rodeado dun alto muro con portalón a dúas augas

O pazo, pacio ou torre

O pazo (termo derivado do substantivo latino palatium) ben a ser o diamante da arquitectura rural galega. Na idade media a alta nobreza galega (Lemos, Monterrei, Altamira...) instálase en Madrid e o seu oco pasa a ser ocupado por unha fidalguía e nobreza pequena en auxe que se constitúe no que se da en chamar a "sociedade dos pazos" estreitamente unida ao mundo rural.

O Pazo de A...*

Era ó caer da tarde,
Encomenzaba o cántico dos grilos,
Xorda a presa ruxía,
Brilaban lonxe os lumes fuxitivos.

Deserta a escalinata,
Soio o paterno niño,
E enriba del caendo misteriosas
Coas sombras do crepúsculo as do olvido.

Ó pe do monte, maxestuoso erguíase
Na aldea escura o caserón querido,
Cal oliva centenaria
De cortinax ó ventanil servindo.

¿Quen ó pasado volve
Os ollos compasivos?
¿Quen se lembra dos mortos,
Se inda non poden recordarse os vivos?

Rosalía de Castro (1837-1885)
Follas Novas (¡Do íntimo!)

* Poesía na que Rosalía fala con nostalxia do Pazo da Retén (ou de Arretén, como ela dicía), na aba do monte Meda ou Miranda, no que viviu o avó paterno (D. José de Castro).

Diferézanse con respecto ás casas grandes pola súa "grandeza e suntuosidade", elementos dificilmente obxectivábeis nalgunhas ocasións. Dispoñen, en xeral, das construcións anexas das casas grandes sendo famoso o dito popular de: "pombal, capela e alciprés / pacio es". Caracterízanse por muros de pedra granítica, ter un patio interno (cuberto ou aberto), unha escaleira de grandes proporcións, unha cociña con gran lareira rematada por unha cheminea de grandes dimensións ben ornamentada (en ocasións suplen co seu volume a inexistencia de torres), solaina, capela (normalmente acaroada ao edificio principal) e un escudo (ou máis) de grandes dimensións. Algúns dispoñen de torre(s) ben como herdanza dunha antiga fortaleza medieval, ben como elemento ornamental de distinción social.

Moita xente ben a confundir nos últimos tempos o pazo coa casa grande sempre por motivos de aparentar unha grandeza social moitas veces inexistente.

A CASA RURAL GALEGA

Lume no Pazo

Prendeu lume no pazo.

A roxa labarada
Alumea a campía.

Atronan as campanas
O val.

 Quentan o aire
Espesas bafaradas
De fume.

 Corre a xente,
Berrando, atolondrada.

Ó arde-lo cume, as tellas
Enroxecen e estalan.

Caen, cruxindo as vigas,
E o lume ás catro bandas
Envolve a torre.

 Muxen
De medo os bois nas cuadras.

A xente rube ó adro
Pra ver onde é a desgracia
E ó mirar cara ó pazo
Detense amontoada.

Érguense as mans ó ceo
E sanguíñenta, tráxica,
Refléxase nos ollos
A roxa labrada.

E un velliño, moi vello,
De guedelliñas brancas,
Que vive de milagre,
Xantando cando xanta,
Vestido de farrapos
E durmindo onde cadra,
-todo por mor dun pleito
De rendas atrasadas,
No que os donos do pazo
Deixárono sen nada-,
Ollando cara ó lume,
Rise, barulla e fala
De ir busca-lo gaiteiro
Para que toque a gaita!

Ramón Cabanillas (1876-1959)
Vento mareiro



Pazo do Corgo



No escudo heráldico do Concello do Corgo (aprobado polo Decreto 208/2000, de 21 de xullo) aparece reflectido este inmenso patrimonio mediante unha banda brochante vermella cargada con catro torres heráldicas douradas, que lembran as numerosas casas-fortaleza e pazos que houbo e hai no termo municipal.



Hai edificacións que se poden enmarcar claramente en calquera "gabeta" da clasificación anterior pero noutras saltan as dúbidas e o debate pasa a estar servido.

Pazo do Corgo

Tamén chamado Pazo de Valcarce ou Casa Grande do Corgo. É o símbolo do patrimonio material do concello. Ver pax. 18.

Pazo de Piñeiro

Tamén chamado Pazo de Folgosa por estar emprazado nesa parroquia. Consta dun patio rectangular rodeado por unha arcada e dunha fermosa galería en forma de L. No libro "Viaxes con Ánxel Fole", Manuel Rodríguez López descríbeo así "O frontis é



Pazo de Piñeiro

AS CASAS GRANDES DO CORGO

impresionante pola cantaría ben labrada e, sobre todo, polo enorme escudo coroado co símbolo condal. Dous leóns aguantando unha vieira, un axedrezado, a Cruz de Malta, os lobos, cinco vieiras... son testemuña das familias, emparentadas entre si, que o habitaron". O pazo pertenceu ao Conde de Canalejas.

Pazo de Andrade en Cabreiros

Magnífica edificación con esquinas e recercados de cantaría e muros de cachotaría que presenta unha ampla solaina na fachada posterior e dous escudos, un deles na fachada principal. A súa rehabilitación (actualmente parada) pódese considerar coma un importante atentado a un ben cultural. Aínda que por dentro este totalmente baleiro viviu un período de suntuosidade que se observa na minuciosa descrición interior que fixo Ánxel Fole no artigo "Buscando pazos" publicado en Faro de Vigo o 1 de xullo de 1953 e recollido no libro "A provincia de Lugo na obra xornalística en castelán de Ánxel Fole", de Ruth Fernández.



Pazo de Andrade

Pazo de Adai ou do Xeneral Tella.

Presidindo o campo da feira de Adai podemos atopar unha enorme construción dos anos corenta do século XX, erguida con presos da ditadura franquista no lugar onde antes había a casa familiar de Heli Rolando de Tella. Presenta dúas torres almenadas con tres andares gorecendo un corpo central máis baixo que alberga un escudo labrado en pedra sobre a porta principal. O pazo posúe amplos xardíns na parte posterior.



Pazo de Adai

Casas Grandes do Corgo

A continuación presentamos un listado das casas grandes máis significativas do concello:

- Casa Grande de Quintela (San Pedro de Farnadeiros).
- Casa Grande de Laxes (Camposo).
- Casa Grande de Camposo (Camposo).
- Casa Grande da Fervenza (Santo Estevo de Farnadeiros).
- Casa Grande en Seoane (San Martiño de Folgosa).

AS CASAS GRANDES DO CORGO

- Casa da Torre (Anseán).
- Casa de Díaz (Gomeán).
- Casa de Díaz do Val (Gomeán).
- Casa de Díaz de Serín (O Corgo).
- Casa de Neira (O Corgo).
- Casa de Ulloa (Pedrafita).
- Casa de San Xoán (Segovia).
- Casa de Cuenza (Marei).
- Casa Cardexo (Cereda).
- Casa Carpanzal (Cereda).
- Casa Antón (Manán de Arriba).
- Casa en Vilanova (Marei).
- Casa-Torre de Adai (Adai).
- Casa-Torre do Pacio (Cereda).
- Casa-Torre de Santo André (Santo André de Chamoso).
- ...



Casa Grande de Camposo



Datos técnicos

- Lonxitude: 9.000 m
- Tempo aproximado: 2 h
- Dificultade: moi baixa

Como chegar ao punto de partida?

A casa do Concello do Corgo está situada a pé da N VI no punto medio da "Recta do Corgo" ou "Legua Dereita" no barrio da Portela da parroquia homónima. Para o que veña pola A6 en dirección A Coruña recoméndase desviarse no km 479. Para o que veña en dirección Madrid recoméndase desviarse no km 488.



Casa do Concello do Corgo

RUTA DO PAZO DO CORGO

Tramo I: Casa do Concello (O Corgo)-Igrexa de Santo André de Chamoso



Datos técnicos

- Lonxitude: 3.500 m
- Tempo aproximado: 45 min

Puntos destacados no tramo

- 1** Casa do concello do Corgo (O Corgo). Edificio inaugurado no ano 1948 para albergar as dependencias municipais que antes ocupaban parte do Pazo do Corgo. De planta rectangular, dispón nunha esquina de soportal porticado, balcón e torre do reloxo.
- 2** Pontella no río Mazandán (O Corgo). Ponte peonil de corte tradicional para atravesar o río nunha zona de prados de ribeira e fragas de árbores autóctonas e piñeiros de especial beleza. O río Mazandán nace na parroquia limítrofe de Campelo e percorre o concello de Norte a Sur construíndo vales suaves pola zona centro do concello e desembocando no río Tórdea en Maceda (medio quilómetro antes da desembocadura deste no Neira).
- 3** Fonte (Santo André de Chamoso). Fonte de arquitectura popular nunha curva do camiño que entra por detrás da igrexa cun cano e unha pía rectangular de cantaría. Douscentos metros máis adiante (cara á igrexa) hai outra fonte baixa empregada para beber as vacas.

Tramo I: Casa do Concello (O Corgo)-Igrexa de Santo André de Chamoso

- 4 Igrexa de Santo André e cruceiro (Santo André de Chamoso). Templo de estilo barroco popular de planta rectangular con muros de pedra granítica. Enriba da porta alintelada de entrada posúe un nicho cunha figura no interior, un óculo e unha espadana de dous vans. O cruceiro que se atopa a corenta metros da porta da igrexa é biface (relevos de Cristo e a Doorosa) de granito formado por base graduada cadrada, fuste, capitel e cruz.

Puntos de interese nas proximidades

- Medorras (O Corgo). No monte do Corgo existen seis medorras nunha distancia máxima de dous quilómetros, tres das cales pertencen á parroquia do Corgo. As mámoas ou medorras son túmulos megalíticos do período neolítico. A Medorra Grande ten un diámetro aproximado de 32 m cunha altura conservada de 2 m na súa vertente norte. A Medorra Pequena está situada a 100 m da anterior e posúe unhas dimensións aproximadas de 25x20 m e unha altura conservada de 25 cm na vertente norte. Ámbalas dúas foron moi afectadas nos últimos anos por traballos de repoboacións. A terceira mámoa está situada no "Monte da Medorra" a 100 m da entrada do antigo vertedoiro municipal. Ten un diámetro de 15 m e unha altura de medio metro. Está atravesada por un muro de división de fincas.
- Casa de Santa Eufemia (O Corgo). Casa de planta rectangular realizada en pedra de cantaría e cunha inmensa propiedade arredor. Antigamente tivo capela para albergar a Santa Eufemia (que dá nome ao lugar). Hoxe non quedan restos nin da capela, nin da talla.



Pontella do Mazandán



Fonte en Santo André



Cruceiro e igrexa de Santo André



Detalle do cruceiro

Tramo II: Igrexa de Santo André de Chamoso - Santo André



Datos técnicos

- Lonxitude: 3.000 m
- Tempo aproximado: 40 min

Puntos destacados no tramo

- 5 Casa-Torre de Santo André (Santo André de Chamoso).** Edificación de gran altura (torre?) nas proximidades da igrexa que pertenceu ao Marqués de Castelar. Na fachada sueste posúe unha terraza elevada á que se accede mediante escaleiras exteriores de cantaría.
- 6 Cruz en Tras da Aira (Santo André de Chamoso).** Pequena cruz executada en cantaría e situada a pé da estrada que comunica Santo André con Vilapene. Posúe base cadrada, fuste e cruz sen ningún relevo.
- 7 Casas en Vilapene (Santo André de Chamoso).** Magníficas construcións de cantaría no barrio de Vilapene.
- 8 Casa de López en Vilapene e Pombal (Santo André de Chamoso).** Casa de preto de 500 m² por planta con portalón de entrada a dúas augas, aira pisada en pedra de gra, palleiras e cruceiro biface de finais do século XX. Posúe un pombal de forma cilíndrica e cuberta cónica de lousas.
- 9 Fonte e carballos.** Seguindo o camiño atoparemos unha fonte a man dereita nunha zona onde abundan carballos de grandes dimensións.

RUTA DO PAZO DO CORGO

Tramo II: Igrexa de Santo André de Chamoso - Santo André

Puntos de interese nas proximidades

- Medorras (Santo André de Chamoso). Das seis medorras citadas no tramo anterior, dúas pertencen a Santo André. A Medorra Grande é difícil de dimensionar porque se atopa moi afectada por camiños, tarefas agrícolas e parcelacións. A Medorra Pequena atópase ao norte da Fonte do Ouro e ten unhas dimensións aproximada de 15x11 m, con pouco resalte sobre o seu contorno. Presenta dous cráteres de violación, un deles de 2 m de diámetro.
- Casa con escudo en Hospital (Santo André de Chamoso). Edificación a pé do camiño de peregrinación que unía o Camiño Francés co Primitivo en Lugo (ao igual que o cruceiro e o pombal descritos a continuación). Está feita con cachotaría de granito na que destaca un fermoso escudo que posibelmente pertencera á desaparecida Torre de Anseán.
- Cruceiro de Hospital (Santo André de Chamoso). Cruceiro rústico de granito cun traballo básico. Presenta unha base escalonada circular de cachotaría de granito e un pequeno fuste monolítico de planta cadrada do mesmo material coroado por unha cruz.
- Pombal en Hospital (Santo André de Chamoso). Pombal de tipoloxía tradicional de forma cilíndrica e cuberta cónica de lousas.



Cruz en Tras da Aira

Tramo II: Igrexa de Santo André de Chamoso - Santo André



Casa de López en Vilapene



Ponbal da casa de López



Escudo en Hospital



Cruceiro en Hospital

RUTA DO PAZO DO CORGO

Tramo III: Santo André (Chamoso) - Casa do Concello (O Corgo)



Datos técnicos

- Lonxitude: 2.500 m
- Tempo aproximado: 35 min

Puntos destacados no tramo

- 10 Casa de Neira (O Corgo).** Presenta planta rectangular con 22 m de fachada e aparello de cachotaría de boa calidade e cantaría nas esquinas e nos ocós, cuberta a catro augas con lousa. Na parte central da fachada existen dúas portas balconadas no primeiro andar e na esquerda, un escudo coas armas dos Neiras e dos Balboas.
- 11 Igrexa de San Xoán e sartegos (O Corgo).** Igrexa parroquial de planta rectangular con muros de pedra de gra. Consta dun presbiterio máis alto que a nave (unido a esta cun arco de medio punto de grandes dimensións) e unha sancristía posterior. O frontispicio de cantaría ten porta alintelada, óculo circular e espadana de dous vans. Nas proximidades apareceron varios sartegos (tumbas antropomorfas). Parte deles foron destruídos ao construír o aparcadoiro da igrexa, quedando algún resto tapado con terra para evitar un maior deterioro.
- 12 Casas no Recuio (O Corgo).** Conxunto de casas de cantaría de grandes dimensións.
- 13 Pazo do Corgo e fonte (O Corgo).** Emblema do Concello do Corgo, foi construído no século XVI sendo un exemplo do chamado "barroquismo

Tramo III: Santo André (Chamoso) - Casa do Concello (O Corgo)

galaico". Foi sé da casa do concello dende a súa constitución ata o ano 1948 e do cuartel da Garda Civil dende 1863 ata o 1881. Edificio feito de pedra granítica con planta cadrada de vintedous metros e medio de lado sen contar unha capela pegada á fachada principal (orientada ao leste) de sete metros e medio por seis de ancho (da que só se conserva unha cruz de pedra e unha pía bautismal no interior). A Fachada principal, que está orientada ao leste, sufriu grandes reformas dende a súa construción, destacando na súa parte central unha galería con tres arcos de medio punto enriba da porta principal alintelada. Enriba do arco do medio érguese unha torre coroada por un frontón entrecortado, na que se atopan dous dos tres escudos do pazo (o terceiro sitúase á dereita da galería). As fachadas sur e oeste son bastante austeras existindo un balcón en cada unha. A parte central está ocupada por un patio cadrado cuberto que sobresaee dous metros sobre o lousado para darlle iluminación á dependencia mediante catro ventás. Dentro do patio e á altura do primeiro andar existe un corredor octogonal de madeira sostido en columnas de pedra ao que se sube por unhas amplas escaleiras de granito que inician na porta principal. Destaca tamén o lar abovedado de grandes dimensións soportado en catro arcos de medio punto de cantaría labrada. Esta bóveda está coroada por unha cheminea circular de gran beleza ornamental. Entre a bóveda e o lousado hai un espazo dedicado a pombal. Nas proximidades pódense observar unha cruz que no seu día estaba situada enriba da porta de acceso á horta (xusto en fronte da porta principal do pazo), unha pía e unha fonte pública.

14 Restos da casa de Resch (O Corgo). Actualmente queda un anaco do muro do que foi unha grande cheminea (apoiada na parte posterior en dúas columnas) na que había un escudo coas armas dos Neiras. Foi o máis antigo de entre o Pazo do Corgo e a Casa de Neira e a orixe das mesmas en termos de liñaxe. Tanto a casa de Resch como unha fonte pública existente a carón foron destruídas para a construción do actual serradoiro do Corgo.

Puntos de interese nas proximidades

- Casa con Escudo en Serín (O Corgo). Edificación rectangular con dúas plantas e acceso á primeira por medio de escaleira exterior integrada nun soportal. Na fachada principal, mestura de cantaría e cachotaría, existe un escudo cunha cruz na esquina superior esquerda.
- Casa de Díaz de Serín (O Corgo). Edificación de planta rectangular e grandes dimensións rodeada por un muro alto, portalóns e palleiras. Posúe un pombal de forma cilíndrica e cuberta cónica de lousas coa particularidade de estar situada nunha esquina do muro.

RUTA DO PAZO DO CORGO



Casa de Neira



Igrexa do Corgo



Pazo do Corgo



Detalle de Frontón



Detalle da cheminea



Casa con escudo en Serín



Casa de Díaz en Serín

RUTA DA CASA GRANDE DE QUINTELA



Datos técnicos


- Lonxitude: 12.500 m (9.200 m polo atallo de Fomprediña á igrexa)
- Tempo aproximado: 3 h.
- Dificultade: baixa-media

Como chegar ao punto de partida?

Chegar ao punto de inicio da ruta, a igrexa de S. Pedro de Farnadeiros, é dende o 2009 bastante doado. Vindo da A6 é interesante saír en Nadela (km 488) para coller na macrorotonda a CG 2.2 (corredor de Sarria) e desviarse no Corgo (km 5) cara Farnadeiros (na rotonda da saída, coller á dereita). 2200 m máis adiante a pé de pista, atópase a igrexa de San Pedro (non confundir coa parroquia limítrofe e homónima de Santo Estevo de Farnadeiros). Tamén se pode acceder dende a estrada do Páramo, á altura de Quinte nun cruzamento que indica Coeses. A igrexa está 1200 m máis adiante.

RUTA DA CASA GRANDE DE QUINTELA

Tramo I: Igrexa de S. Pedro de Farnadeiros-Santa Baia de Quinte



Datos técnicos

- Lonxitude: 2.200 m
- Tempo aproximado: 30 min

Puntos destacados no tramo

- 1 Igrexa de San Pedro (San Pedro de Farnadeiros).** Igrexa parroquial de planta rectangular con muros de pedra de gra. Consta dun presbiterio máis alto que a nave e unha sancristía posterior. O frontispicio de cantaría ten porta alintelada, óculo circular e espadana de dous vans.
- 2 Igrexa de Santalla (Santalla de Quinte).** Igrexa de orixe románica, da que soamente quedan orixinais algunhas partes da ábsida e do muro lateral dereito da nave. A nave e a ábsida son rectangulares a dúas augas, pero esta última ten menos altura. Todos os muros están caleados agás o frontispicio (do século XIX) que é de cantaría, ten porta alintelada, ventá rectangular e espadana dun van. Na fachada sur hai unha pedra alintelada decorada con 5 triángulos con debuxos de cruces, círculos e cuñas. Nunha recente restauración apareceron unhas pinturas (probabelmente do s. XVI) nas que aparecen Pedro, Pablo, unha Virxe da Anunciación e un Santiago Matamouros.

RUTA DA CASA GRANDE DE QUINTELA

Tramo I: Igrexa de S. Pedro de Farnadeiros-Santa Baia de Quinte

Puntos de interese nas proximidades

- Casas no val do Miño. A beira do río posúe un inmenso número de edificacións (normalmente de cachotería de xisto) de grandes dimensións formando grupos de casas de gran beleza paisaxística. Destacan Arrabaldo, Santalla, O Reguengo...



Igrexa e casas grandes en San Pedro



Igrexa de Santalla



Detalle da pedra alintelada

RUTA DA CASA GRANDE DE QUINTELA

Tramo II: Santalla de Quinte - Chamoso (Paradela)

A VOLTA Ó LAR (III)

*Serpenteando vai o Miño
fondo ás veces como o mare,
pero sempre caladiño.*

*Caladiño e misterioso
como sombra ou paso leve,
que non quer trubar reposo.*

*Reposo nunca trubara
desque é Miño, nin tampouco
do seu sono despertara.*

*Despertara ó que rendido
do cansaso e da alegría
na súa beira está dormido.*

*Dormido e que soña triste
que inda morre en terra allea,
e que de loito inda viste.*

*Inda viste vestidura
negra, negra por de dentro,
e por fora de amargura.*

*De amargura, mais parece
que un murmurio brando escoita
que nin merma que nin crece.*

*Nin crece i arrola en tanto
cal arrola o seu meniño
unha nai con soave encanto.*

*Canto estraño... marmorio
de recordos de albos días
lle parece a voz do río.*

*Voz do río que oi apenas
en confuso mentras dorme,
mentras seña coas súas penas.*

*Cas súas penas que en boa hora
xa acabaron... ¡ai! ¡desperta!,
prontamente que xa a aurora,
que xa aurora o monte aluma...
¡ei! sacude, camiñante,
ese seno que te abruma.*

Rosalía de Castro (1837-1885)



RUTA DA CASA GRANDE DE QUINTELA

Tramo II: Santalla de Quinte - Chamoso (Paradela)

Datos técnicos

- Lonxitude: 3.700 m.
- Tempo aproximado: 50 min.

A ruta de sendeirismo discorre agora á beira do río Miño nun espazo de gran riqueza natural pertencente á Reserva da Biosfera Terras do Miño (UNESCO, novembro de 2002) augas arriba da Fraga da Fervenza. Paseo agradable entre prados de ribeira e fragas centenarias para relaxarse e admirar a flora e a fauna típicas dun ecosistema fluvial ben integrado coa actividade agraria.



Paso do Miño




Río Miño



Val do Miño

RUTA DA CASA GRANDE DE QUINTELA

Tramo III: Chamoso (Paradela)-Fompedriña (S. Pedro de Farnadeiros)



RUTA DA CASA GRANDE DE QUINTELA

Tramo III: Chamoso (Paradela)-Fompedriña (S. Pedro de Farnadeiros)

Datos técnicos

- Lonxitude: 2.800 m
- Tempo aproximado: 45 min

Puntos destacados no tramo

3 Casa Grande de Quintela (San Pedro de Farnadeiros). Casa Grande en forma de L (24 e 18 m de ás). O conxunto péchase formando un patio grazas a unha edificación onde está o pombal pequeno e un muro con portón que protexe o escudo de armas. No primeiro andar do patio existe un gran corredor de madeira ao que se accedía preto do portón de entrada mediante escaleiras de cantería. Na fachada posterior que dá á horta e ao pombal grande existe unha porta alintelada cun balcón voado na vertical. O pombal grande ten forma cilíndrica e cuberta cónica con 4,20 m de altura e case 18 m de circunferencia. O portón de entrada posúe enriba un frontón apuntado onde se atopa o escudo coas armas da familia timbrado cunha coroa voada e unha pedra con inscrición. Saíndo polo portón atopamos unha capela pequena de planta rectangular e cruz en vez de campanario e un hórreo tipo cabaceiro. A casa tivo tamén muíño (Muíño da Vica) sito no Rego de Quintela.

Puntos de interese nas proximidades

- Castro de Verín (Paradela). Atópase, xunto co castro de Cerdeiriño, no cumio do Monte dos Castros ao norte de Vilanova. A unha altura de 510 m, presenta un recinto de forma oval, defendido por unha muralla perimetral, reforzada con foxo na parte oeste. O acceso principal atópase no leste onde segundo a lenda un gran seixo pechaba a boqueira do castro traído por unha raíña moura en entre as augas do río.
- Castro de Cerdeiriño (Paradela). Sitúase a 150 m de distancia do anterior (ao nordeste). Ten unha altura de 500 m e conta con triple anel defensivo concéntrico aberto polo leste, onde se sitúa o acceso.
- Castro da Grova (Paradela). Situado nun outeiro a 515 m de altura no lugar da Grova. Presenta terraplén defensivo perimetral, reforzado con foxo ancho na parte norte. O sector oeste presenta graves alteracións debidas a labores agrícolas. A lenda di que as fadas encantadas do castro foron sorprendidas polos veciños unha noite de San Xoán carrexando auga da trema da Veiga.
- Igrexa de San Fiz (Paradela). Igrexa de estilo barroco cun frontispicio de pedra de cantaría con porta alintelada, ventá cadrada, inscrición ("ESTA OBRA SE HIZO SIENDO CURA DN ELISANTO MENDEZ DE CASTRO AÑO DE 1768") e

RUTA DA CASA GRANDE DE QUINTELA

Tramo III: Chamoso (Paradela)-Fompedriña (S. Pedro de Farnadeiros)

espadana con dous vans. No interior dispón dun retablo maior do s. XIX e dous retablos laterais.

- Casa da Pousada (Paradela). Casa de grandes dimensións situada no barrio de Pousada con hórreo e pombal de planta cadrada.



Casa Grande de Quintela



Detalle do portón de entrada



Igrexa de San Fiz

RUTA DA CASA GRANDE DE QUINTELA

Tramo IV: Fompedriña-Igrexa de S. Pedro de Farnadeiros



Datos técnicos

- Lonxitude: 3.800 m.
- Tempo aproximado: 55 min.

Puntos destacados no tramo

- 4 Fonte en Vilar (San Pedro de Farnadeiros). Fonte de arquitectura popular a pé de camiño na entrada de Vilar cun cano de cantaría encaixado no muro de contención e dúas pías rectangulares do mesmo material a distintos niveis.

RUTA DA CASA GRANDE DE QUINTELA

Tramo IV: Fompedriña-Igrexa de S. Pedro de Farnadeiros

- 5 Casa de Troncoso (San Pedro de Farnadeiros). Edificación de grandes dimensións coa fachada principal construída en pedra de gra e o resto en cachotería de xisto. Ten unha porta principal cun arco de medio punto e un balcón, xusto na vertical, con ménsulas de pedra ben traballadas e varanda de forxa.

Puntos de interese nas proximidades

- Casas en Farnadeiros. San Pedro de Farnadeiros destaca por posuír casas grandes quizabes debido á existencia no pasado dun abundante número de fidalgos que vai variando un pouco nos censos realizados no 1702, 1709, 1737 e 1762, a maiores do Catastro da Ensenada de 1753. Destacan como núcleos A Vacariza, a maiores dos barrios polos que pasa a ruta.



Casa de Troncoso



Casa na Vacariza

BIBLIOGRAFÍA

A Casa Grande de Quintela. Isaac Rielo Carballo. O Mocrín. 2005.

Historia de Corgo. Jesús Abuín Arias. Servizos de publicación da Deputación de Lugo. 2000.

Mapa Topográfico Nacional de España (97 e 98). Instituto Geográfico Nacional.

O Corgo, amplo horizonte. Xulio Xiz. Concello do Corgo. 2007.

Follas Novas. Rosalía de Castro. Xerais. 2007.

Poetízate (Antoloxía da poesía galega). Escolma feita por Fran Alonso. Xerais. 2006.

PXOM do Concello do Corgo. Antonio de Vega Rodríguez e outros. Concello do Corgo.

A provincia de Lugo na obra xornalística en castelán de Ánxel Fole. Ruth Fernández Fernández. Servizos de publicación da Deputación de Lugo. 2005.

Viaxes con Ánxel Fole. Manuel Rodríguez López. Ediciós do Castro. 1988.

La Galicia de los pazos. Xurxo Lobato et al. La Voz de Galicia. 2001.

As construcións da Arquitectura Popular. Patrimonio etnográfico de Galicia. Manuel Caamaño Suárez. Hércules de Ediciones. 2006.

Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada. Benxamín Casal et al. El Progreso-Diario de Pontevedra. 2003.

Varias páxinas web.





ARZUMES
ASOCIACIÓN
CULTURAL



L
U
G
O



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura